



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO

E-mail: correo@boimorto.es

Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

Web: www.concellodeboimorto.es

REBECA VÁZQUEZ VÁZQUEZ SECRETARIA-INTERVENTORA DO CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA).

CERTIFICO:


Que a Alcaldesa con data trece de setembro de dous mil dezaseis do que, como secretaria asino aos unicos efectos de dar fe, deseguido se transcribe literalmente:

<<

Decreto: 393 / 2016

Data decreto: 13/09/2016

Descrición decreto: Bolsas de traballo praza xerocultor- auxiliar de xeriatria da Residencia de persoas maiores e Centro de día de Boimorto.



DONA MARÍA JESÚS NOVO GÓMEZ ALCALDESA PRESIDENTA DO CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Vista a caducidade das Bolsas de traballo (I, II, III, IV e V) praza xerocultor- auxiliar de xeriatria da Residencia de persoas maiores e Centro de día de Boimorto segundo o punto quinto das bases de formación das mesmas “ a bolsa funcionará con carácter rotatorio estando vixente ata o prazo máximo previsto de posta en marcha da Miniresidencia e Centro de día de Boimorto na memoria de iniciativa pública na actividade económica, é dicir, previsiblemente ata 31/12/2015...”.

Visto o informe de secretaria intervención en relación con esta selección do persoal laboral temporal de data 13/09/2016 e as advertencias nel contidas.

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Reactivar a vixencia das bolsas de traballo I, II, III, IV e V praza xerocultor- auxiliar de xeriatria da Residencia de persoas maiores e Centro de día de Boimorto estando vixentes segundo as necesidades na prestación do servizo (sen prexuízo da súa extinción de decidirse unha xestión indirecta do servizo).

SEGUNDO.- Publicar certificación deste decreto na páxina web do Concello e no taboleiro de anuncios aos efectos oportunos.

O manda e asina a Sra. Alcaldesa, D^a. María Jesús Novo Gómez en Boimorto trece de setembro de dous mil dezaseis do que, como secretaria asino aos unicos efectos de dar fe.

A Alcaldesa - Presidenta

Perante min, a secretaria

Asdo.- María Jesús Novo Gómez

Asdo.- Rebeca Vázquez Vázquez>>>

E para que conste onde proceda, expido a presente certificación, de orde e co visto e prace da Sra. Alcaldesa, en BOIMORTO, a 14 de setembro de 2016



Asdo.- María Jesús Novo Gómez

